



A CULTURA MÁIS PRÓXIMA

Dediquei toda a miña vida a tratar de localizar e dar visibilidade aos elementos do noso patrimonio que durante séculos pasaran desapercibidos ou foran obxecto de desprezo. Penso que, por sorte, a mentalidade da sociedade mudou e hoxe en día a sensibilidade é maior.

O parágrafo anterior, que recolle palabras de Antonio Fraguas na súa vellez, é quizais un dos mellores resumos de vida. El foi un dos grandes valedores da cultura popular, esa herdanza que cada xeración lle transmite á seguinte para axudarlle a interpretar o mundo, e que é a orixe de todo.



Dende moi novo comprendeu que era necesario reivindicar, estudar e difundir a cultura popular. Por iso, lonxe de se recluír nas bibliotecas, nos museos ou nos teatros, Fraguas saíu ao exterior á súa procura.

Por esa ansia de coñecer de primeira man eses tesouros ocultos alguén o definiu como o 'Indiana Jones das corredeiras'.

Indiana Jones é un personaxe de cinema, arqueólogo e profesor universitario, que se dedica a buscar obxectos de gran valor histórico para humanidade.



Fraguas tamén foi un polígrafo.



Olo, un polígrafo non é un bolígrafo senón que é como se lles chama ás persoas que son quen de escribir con autoridade sobre temas moi diferentes.

Destaca en moitos campos do saber, pero en todos os seus estudos o obxectivo final é o mesmo: dar a coñecer o patrimonio cultural e histórico de Galicia.

ACTIVIDADE:

Pintura

Arqueoloxía

Literatura

Xeografía

Filoloxía

Antropoloxía

Fixádevos ben na ilustración superior: cada unha das disciplinas ten unha cor diferente. Ímosvos dar a definición de cada unha delas e tedes que colorear os rotuladores en branco coas cores correctas. Non dubidedes en botar man do Dicionario da Real Academia Galega. Podedes consultalo na Rede!

· Arte de representar o mundo real ou imaxinario sobre unha superficie plana, por medio de cores.

· Ciencia que estuda as civilizacións antigas e a súa cultura, a través dos seus restos materiais.

· Ciencia que estuda o ser humano nos seus aspectos natural, cultural e social.



· Arte que utiliza a palabra escrita ou oral como medio de expresión.

· Ciencia que estuda a superficie terrestre e as relacións dos humanos co contorno no que viven.

· Ciencia que se ocupa de fixar, reconstruír e comentar os textos literarios.



Como historiador, estudou a orixe do Colexio de Fonseca, que é o antecedente da Universidade de Santiago de Compostela, e tamén moitos outros episodios: a viaxe dos Reis Católicos a Galicia, a invasión napoleónica ou a vida de Pedro Madruga, unha das grandes figuras da nosa historia medieval.



O seu nome verdadeiro era Pedro Álvarez de Soutomaior. Hai quen sostén que o alcume de *Pedro Madruga* se debe á estratexia de atacar de madrugada os seus inimigos, para así collelos desprevidos.

Por certo, non credes que hai algo que non encaixa nada nesta estampa medieval?

Fraguas foi un autor moi recoñecido polos seus traballos etnográficos e antropolóxicos. Escribiu sobre unha longa lista de tradicións populares: o Nadal, os maíos, os Reis, o San Xoán, os magostos, os fiadeiros, as muiñadas, as lendas, as cantigas...

Ese interese xa era notorio dende seus primeiros traballos. En 1930 publicou na revista *Nós* o estudo sobre "O Entroido nas terras do sul de Cotobade".



ACTIVIDADE:

Como acabamos de ver, Fraguas comezou estudando a realidade cultural que tiña máis próxima, a da súa comarca. Propoñémosche que fagas o mesmo. Como se celebra na túa bisbarra o Entroido? Non esquezas preguntarllas tamén ás persoas maiores como o festexaban.

Fraguas ten interese tamén pola arte. Aí están os seus traballos sobre a Porta Santa da catedral de Santiago ou sobre a súa igrexa parroquial natal: Santiago de Loureiro, en Cerdedo-Cotobade (Pontevedra).

Tamén se mete de cheo na investigación arqueolóxica, especialmente no estudo dos restos megalíticos, e publica obras de referencia sobre a xeografía do país, como é o caso de *Geografía de Galicia* (1953). E aínda ten tempo de demostrar a súa capacidade literaria escribindo dous relatos: "O conto do Serafín" e "O santuario da Franqueira".



No seu incansable activismo, Antonio Fraguas, pronunciou centos de conferencias e escribiu outros tantos artigos xornalísticos en diferentes diarios e revistas especializadas.

Antonio de Insuela, como ten asinado algúns dos seus textos, aproveitaba o espazo que lle ofrecían os medios de comunicación para divulgar esa cultura que nos fai singulares.



ACTIVIDADE:

Queremos poñerte a proba. Só unha destas catro afirmacións é correcta. Acertarás cal?

Antonio Fraguas naceu en 1902, pero moita xente cre que foi en 1935.

Un dos primeiros traballos etnográficos de Fraguas analizaba o Entroido do seu municipio natal.

Foi un dos promotores da Cidade da Cultura de Galicia.

Na universidade foi compañeiro do coñecido folclorista Pedro Madruga.